

VENTOALTO
P O E S Í A

Tríptico
ártabro

Ánxeles Penas

EDICIÓNS

laiovento
LAIOVENTO



Ánxeles Penas.

ÍNDICE

<i>Tríptico ártabro: do misterio e do canto</i>	
Xavier Seoane	9
Libro primeiro. Territorio	19
Libro segundo. Os anais do vento	41
Libro terceiro. Galicia, meu señor	59

TRÍPTICO ÁRTABRO: DO MISTERIO E DO CANTO

O libro *Tríptico ártabro*, de Ánxeles Penas, resulta paradigmático do seu mundo poético. Tanto na súa escrita como nos seus contidos, cristaliza numerosas claves da súa poética. Está estruturado en tres partes, “Territorio”, “Os anais do vento” e “Galicia, meu señor”, aínda que as sinerxías temáticas, expresivas e formais entre as tres son constantes, producindo unha viva sensación de coherencia e unidade.

O título remite ao *Portus magnus artabrorum* de Estrabón, Pomponio Mela e Plinio, coñecido entre nós como Porto dos Ártabros: o espazo que, co seu núcleo na cidade da Coruña e na Torre de Hércules, abrangue un amplo arco natural que vai desde as terras e os cabos ferroláns até as Illas Sisargas e o inicio da Costa da Morte. Un espazo integrado polas rías da Coruña, Betanzos, Ares e Ferrol, desde o que se atalaian fermosas e amplas panorámicas do Atlántico.

Precisamente esta evocación do espazo ártabro inicia o libro:

“Unha esquina do mundo,
un puntíño na curva do mar
que se abre como unha interrogante”.

Nese espazo, dada a amplitude da súa escala e a súa *cosmicidade* celeste e oceánica, o *eu* propio revélaselle á poeta como unha presenza insignificante:

“Eu,
invisible,
chantada nos cons como se realmente existise”.

É lóxico que a poeta se sinta como uns “átomos lixeiros e alporizados que piden voar”. Vén de sentir, nese *locus* vital propicio ao canto poético, “a dor do xiro das idades” e “a teimosía dos soles que furan a inmensidade”.

Nese ámbito de contemplación fascinada do mundo, xorde o *abraio*, sentimento esencial neste poemario e en toda a obra da escritora e artista:

“Sempre enxergaba a noite,
furaba na inmensa chaira de galaxias
e o abraio purraba por min”.

Desde o inicio, por tanto, o lector entra en contacto coa Ánxeles Penas máis xenuína: unha psique aberta á escoita da vida, da terra e do universo:

“Para escoitar a Voz mineral e celeste”.

Ese espírito tan ensanchado como estarecido perante o misterio do mundo e a súa beleza, expresa a condición arcana de todo o existente, sentíndose a poeta desbordada polos horizontes do descoñecido: “E eu no inexplicábel”. Séntese incluso invadida pola memoria cósmica e ontolóxica, por un subconsciente agachado, gravado desde a orixe. Tal é o impacto emocional, que a autora o percibe como “sagrado”. En consecuencia, emerxe non poucas veces un ton de oración e un alento de celebración litúrxica suscitados por un mundo que se sente numinoso, sacralizado:

“TODO ERA TEMPLO:
Os soutos, as silveiras, os carballos...”
“Nacín para erguer aras”.
“Oficiemos
a oración do reencontro”.

Así van xurdindo ao longo da obra, en extraversión apaixonada, moitos dos leitmotivs que presiden o libro: a presenza estrelada, escintilante e misteriosa das tebras e da noite; a beleza variada e fecunda da paisaxe; a fusión telúrica, case mística, co *genius loci* e coa terra *mater*; a presenza dos antergos e dos familiares idos; o mundo rural que coñeceu desde nena e que a alimentou de vivencias que se constituíron en epifánicas e cimentadoras da súa máis fonda bagaxe emocional; a evocación da infancia como unha idade de inocencia e de descubrimento...

O libro recolle tamén a descrición paisaxística e natural do *locus* galego a través dos elementos do mundo concreto e material vivido pola autora, cunha ampla riqueza desde o punto de vista da súa *physis*, flora, fauna... Mesmo, no enfiarse dos poemas, vai xurdindo, ademais da comunión coa terra, unha fonda evocación das terras familiares e orixinarias de Teixeira, na que non faltan as raíces históricas, relixiosas, antropolóxicas e culturais:

“Coma unha parábola do infinito
a casa dos avós estaba soa ollando o Cordal,
onde deuses primitivos trazaran signos de pedra
e rotas megalíticas...
Tamén as lexións romanas pasaran por alí
enfiando camiños e desfiando inxeles corazóns;
alí o cristián chantara cruces
e cecais o mouro deixara o eco de Alá...”

Tamén xorde, como non podía ser menos, a lembranza elexíaca dos devanceiros, a ausencia dos que foron e que, dalgunha maneira, fican reintegrados ao espazo, ás plantas e á terra, e é vocación e obxecto do poeta nomear, lembrar, cantar. Porque, na concepción de Ánxeles Penas,

o mundo, sen verbo, sen don de linguaxe, non parece estar completo. Porque a palabra, ademais de nomear, e de consolar elexiacamente, dá sentido ao mundo, revelando -nunha dimensión máis fonda, primixenia e espertanto o pasado como o presente, o real como as presenzas agachadas, secretas ou silenciosas:

“Ti que tes a palabra que descobre os arcanos
e aínda máis o silencio que non pode dicirse”.

A terra da infancia é un berce-nai. Nel a meniña “espertou” e “vivenciou” o mundo con apaixonamento, sorpresa e asombro. Non sorprende que a presenza dos seus e do lar a protexesen do medo, da intemperie do mundo e da “vertixe do espazo”:

“Só o berce nai protexía contra tanto espazo
e o pan da avoa alimentábame
sen que eu soubese do milagre”.

Porque xa na infancia a meniña levaba no seu corpo e na súa mente unha longa e sedimentada memoria ancestral:

“E non sabía eu que tiña no corazón
unha vara de abeleira para medir a profundidade,
que tiña un abismo tan grande coma o ceo,
que o meu corpo novo levaba a memoria das idades,
o ADN do espazo cos códigos antigos”.

Esta presenza do arcano na memoria xenética e afectiva xorde con grande énfase no poema sétimo da primeira parte do libro. Ou o inicio do poema noveno:

“Na memoria dos xenes un amor infinito,
un amor infinito na memoria das pedras”.

Así se vai tecendo o libro, até que na segunda sección, “Os anais do vento”, ademais de recollérense moitos aspectos das outras partes –xa se dixo que o mundo de Ánxeles Penas constitúe unha cosmovisión poética de grande unidade- agroma con forza apaixonada o tema do amor. Un amor poderoso, que arrastra, que abrasa:

“Que é amor?:

 Espazo

 acuberto entre mil mundos que as
 órbitas enlazan

ou silencio embebedo entre dúas olladas
ou antena celeste de afebradas estrelas”.

Como se pode apreciar, o amor, ademais de atracción e vínculo entre as persoas, reforza un aspecto axial na visión poética de Ánxeles Penas: o sentimento cósmico e a fusión panteísta co mundo e coa vida. Mesmo, na súa forza emocional e reveladora, o amor abre, ademais de á descuberta iluminada das cousas e da maxestosa presenza do mundo, ao coñecemento, á “ignorada harmonía”, ás “verbas nunca escritas”. Incluso, xa dentro dun ámbito propicio ao visionario, o amor apunta a “outras cerimoniais en xardíns de azucenas”.

O amor devolve ás orixes, á infancia, e finca á persoa no *centro* do espazo e da existencia, creando unha epifanía emocional que rompe e ensancha a linguaxe até os territorios do inefable:

“Ser o teu centro, amor, o esteo indesmaiábel,
o xiro xa detido polo canto
do reiseñor *en-amor-(ba)do*”

Mesmo xorde un ton non lonxincuo dun certo misticismo. Un dicir que abrangue tanto a experiencia amorosa como o proceso “ensanchado”, reverberante da escritura:

“Para en-tenderme escribo,
para que non me afogue o estático alento do ceo
estrelecido,
para ex-tenderme escribo”.

A terceira sección do libro, “Galicia, meu señor”, malia a certa disposición en posibles fragmentos, vén funcionar como un longo poema de evocación nostálxica e de sentimento elexíaco da casa, dos avós, dos pais, das terras e das presenzas humanas e naturais do seu Teixeira da infancia. Volve a visión sacralizada daqueles tempos, persoas e lugares, na que a casa se constitúe en Lar primixenio e protector:

“E na terra, no lume, no ar, na auga
estaba a certidume do divino,
a protectora man dos Deuses Lares”.

O lector mergúllase no arrebatado evocativo daquel “eido sagrado” no que a meniña devecía “por fusionarme coas criaturas todas”. A forza lírica –mesturada cun certo alento narrativo- chega a outorgar en ocasións aos sentimentos, ás vivencias e aos recordos unha certa aura onírica e visionaria.

Todo alí era un colo ou matriz maternal, unha “raíz-refuxio”. Aínda que, tamén, proxección imaxinativa e viaxe, pois alí tivo orixe a imaxinación, tanto a través da realidade como dos contos (Andersen, Simbad, Carapuchiña...), cos que a meniña se subía e viaxaba no “tren do imaxinario”.

Esta sección é moi densa en lembranzas e presenzas. É tamén unha sección de descuberta de Galicia tanto como lingua nai como ente, terra de pertenza, patria e matría, destino colectivo:

“O nome teu NAITERRA que anainache
o meu berce de néboa”.

E, en consecuencia coa cosmovisión poética fortemente trabada da autora, nesta sección laten, como nas precedentes do libro, a fusión telúrica e panteísta de todos os ordes da existencia (“home-terra-carballo”, “hometerra”) e o sentido sacralizado (“sacra nacín”, “descinxo a miña túnica / no souto, / encendo cera virxe”, “templo nu”).

Esta sección remata cunha certa presenza do urbano. A autora desprazou o seu vivir á cidade, ao arco ártabro. Desde el, anos despois, as lembranzas agroman coa viveza e a emoción que transmite a palabra poética que as cristaliza e canta.

Un aspecto a destacar en todo o libro, a nivel temático, é a presenza dun culturalismo vivenciado. Desde os contos infantís á presenza de filósofos como Platón ou Lao Tsé, da nutrida evocación de constelacións a citacións de procedencia literaria como Espronceda ou Dimitri Karamazov. Sen esquecer o repertorio de deuses ou figuras do mundo grecolatino, céltico ou exipcio.

ARTE POÉTICA E FORMA

O mundo poético de Ánxeles Penas exprésase en poemas que tenden a unha certa amplitude e desenvolvemento para dar adecuación expresiva á intensidade emocional e á actitude extravertida e comunicativa da poeta. Son poemas que fonden o ton exultante das emocións cun desexo cernal de coñecemento. De aí a súa cristalización nun verso en xeral enérxico e de amplo alento que posibilite a un tempo evocación, reflexión e celebración.

Porque dese forte *pathos* de raíz, dese sentirse conmovida pola beleza, o misterio e a presenza das cousas, é de onde proceden as apostas expresivas, técnicas e formais. A poeta escolle o verso libre como molde no que flúa

con plena liberdade a vigorosa expresión. Mais dentro do ritmo libre, é evidente a ollos de calquera lector avezado a constatación do ben que manexa a autora o hendecassílabo e o alexandrino, moitas veces combinados co heptassílabo. E os versos de arte menor.

Esa dicción emocionada –ora inquisitiva, ora celebrativa- lévaa en moitas ocasións á distribución tipográfica dos versos e das estrofas. Así logra dar forma ás súas esixencias rítmicas, pois estamos ante unha poeta órfica e musical. Ademais deses desprazamentos tipográficos variados, a autora bota man, en non poucos momentos, da verticalización rítmica dos versos, ou dos xogos conceptuais coas palabras, ou dun certo repertorio tipográfico de maiúsculas e minúsculas, ou do emprego da cursiva ou da negrita... feitos que potencian a dimensión conceptual e o xogo de matices.

A linguaxe tende a ser sonora e enfática, despregando unha intencionada contundencia expresiva. De aí veñen as enumeracións de grande espontaneidade e alta carga emocional, as entusiastas exclamacións e as enérxicas interrogacións retóricas.

ESTILÍSTICA

No plano estilístico, Ánxeles Penas (a quen, ademais do notable sedimento de vida que desprega, se lle notan as lecturas e o amplo dominio da tradición literaria antiga e contemporánea) bota man dunha alta presenza de metáforas e imaxes, moitas delas de orixinal creatividade e alento visionario: “fol dos terreos”, “catedrais de brétema”, “berce de néboa”, “caen sombras / dos altos castiñeiros no meu corpo”, “avelaiñas de auga”, “códices do aire”, “fagots de ventimperio”, “a levián bolboreta das furneiras do ceo”...

Tamén acode á sinestesia: “luz murmurante”, “ecos mornos e húmidos”, “cantigas alongadas en devalar de

luz”... ou, como feito inevitable nun libro de fusión co mundo e coa experiencia, das abundantes personificacións: “colo de xestas”, “as herbas doen”, “corazón da tarde”, “estradas tatexantes”, “o bico dos carballos”, “seiva dos ancestros”, “a fonte namorada”, “tece a néboa”, “a luz debuxa”... Canto aos símbolos, constitúe un repertorio tan variado, que demandaría unha atención estrita e pormenorizada.

A riqueza da adxectivación é tamén proverbial, tanto anteposta como posposta. Non poucas veces, trátase dunha adxectivación rotunda. E en non poucas ocasións o lector está fronte a adxectivos cultos, como non podía ser doutra maneira nunha persoa de ampla formación literaria, humanística e artística en variados campos.

Canto aos xogos coa linguaxe, son frecuentes. Sexan conceptuais ou a través de orixinais paronomasias: “agui-lloa as agullas”. Ou da aliteración de sons. Ou de frecuentes hipérbatos. Ou de xogos versais:

“ringleiras e ringleiras en
f
u
x
i
d
a”.

Sen esquecer, canto á linguaxe, que toda a súa obra está aberta á polisemia e á resonancia.

FINAL

En definitiva, para a poeta a poesía é vehículo emotivo e comunión afectiva, mais tamén coñecemento, indagación e celebración. Se hai elexía, está superada polo canto. Porque o vitalismo afirmativo e un certo don da

ebriedade campan en moitos momentos, tanto na actitude como no ton, e non só neste libro, senón no conxunto poético de Ánxeles Penas.

A poeta, en definitiva, fonde a experiencia humana coa presenza exterior do mundo que habita, o *eu* individual co cosmos, nun exercicio apaixonado de empatía, panteísmo e cordialidade. Porque se todo, neste mundo poético, é analoxía, tamén é unión, tensa e harmónica, nun todo fluído e cordial, sacralizado e integrador. De aí a emoción que decanta o sentimento de abraio:

“Xa non sei devalar

non sei saírme polo sol da mañá sen
magoarme,

sen que o río de luz, a man divina
que estala polos cómaros me abraie”.

Xavier Seoane